

COMPOSICIÓN HISTÓRICA

Os seguintes documentos deben permitirlle facer unha redacción sobre a cuestión nacional na España do último terzo do século XIX. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender, cando menos, á concepción unitaria da nación española, fronte ao xurdimento de proxectos nacionalistas periféricos.

Doc.1 Decreto de abolición dos foros vascos (21 de xullo de 1876):

“Art. 1. Os deberes que a Constitución española lles impuso sempre a todos os españois de acudir ao servizo das armas cando a lei os chama, e de contribuír na proporción dos seus haberes aos gastos do Estado, estenderanse, como os dereitos constitucionais se estenden, aos habitantes das provincias de Biscaia, Guipúscoa e Álava do mesmo xeito que aos demais da Nación.

Art. 2. (...) as tres provincias referidas quedan obrigadas desde a publicación da devandita lei a presentaren, nos casos de quintas ou substitucións ordinarias ou extraordinarias do exército, a cota de homes que lles corresponda segundo ao disposto nas leis.

Art. 3. Quedan igualmente obrigadas (...) a pagaren, na proporción que lles corresponda e con destino aos gastos públicos, as contribucións, as rendas e os impostos ordinarios e extraordinarios que se consignen nos orzamentos xerais do Estado (...).”

Doc. 2. Memorial de Greuges (1885):

“(...) Non temos, Señor, a pretensión de debilitar, nin moito menos atacar, a gloriosa unidade da patria española; antes polo contrario, desexamos fortificala e consolidala; pero entendemos que para logralo non é bo camiño afogar e destruír a vida rexional para substituíla polo do centro, senón que cremos que o conveniente á par de que xusto, é dar expansión, desenvolvemento e vida espontánea e libre ás diversas provincias de España para que de todas partes da península saia a gloria e a grandeza da nación española.

(...) Non podemos usar a nosa lingua máis que nos nosos fogares e en conversacións familiares; desterrada das escolas, foino máis tarde da contratación pública e tamén dos tribunais, nos cales moitas veces, e por moi ilustrados que sexan, nin os xuíces entenden ás testemuñas e procesados, nin estes entenden aos xuíces”.

Doc. 3. Manuel Martínez Murguía e o rexionalismo galego (1889):

“As rexións, o se se quere mellor, as nacións con minúscula, resisten con instintiva enerxía ao aniquilamento que as ameaza (...).

Lingua distinta, díxose sempre, distinta nacionalidade. Sentídoos así, Galicia tívose sempre por nación de feito (...). É un feito, pois, que pola orixe, polo territorio e a linguaxe, de igual maneira que pola súa historia e a comunidade de sentimentos e desexos, estes pobos do noroeste forman unha nación con caracteres propios, distintas das que constitúen o Estado español (...). Trata con empeño de conservar canto é propio e (...) recobrar, polo menos, a autonomía administrativa. (...) Nunha palabra quere a descentralización máis completa (...).”